





MEMORIA 2022



APACAF

Asociación de Pais de Persoas
con Trastorno do Espectro Autista de Centros de Apoio Familiar



SEDE SOCIAL

APACAF

Rúa Placer, 5-3ºB
36202 VIGO
☎ 986587475

CENTRO

A Braña

Lg./ Pereiro, 18. Berres
A Estrada 36688
Desde 1988
☎ 986 587475

CENTRO

A Penagrande

Lg./ Penagrande, 1. A Laxe-
Moraña 36660
Desde 2009
☎ 986 686749

ACREDITACIÓN E CERTIFICACIÓN:



Certificación de calidade
ISO 9001:2015



Acreditación de Transparencia
e Boas Prácticas




Certificación produción
horta ecolóxica

PREMIOS:



Premio Territorios
Solidarios do BBVA



Premio ao desenvolvemento
rural do AGADER

DECLARADA DE UTILIDADE PÚBLICA NO DOG Nº 93 DO 13/05/2011 CO Nº DE REXISTRO 2004/6990-1



SUMARIO

4	QUEN SOMOS
	Alianzas
5	Carta da presidenta
6	Historia, Misión, Visión, Valores
7	Como nos organizamos.
	OS NOSOS SERVIZOS
8	Residencia
9	Centro de día
10-11	Respiro
12-15	AS NOSAS ACTIVIDADES
16-21	OS NOSOS PROGRAMAS
22	COMUNICACIÓN
23	XESTIÓN ESTRATÉXICA
	A XESTIÓN ECONÓMICA
24-25	Ingresos e gastos
26-27	Distribución de ingresos e gastos
28	COLABORADORES



ALIANZAS



Confederación Autismo España

Socio desde 1994

Convenios de colaboración



Federación Autismo Galicia

Socio fundador desde 1995


Convenios de colaboración



FUNDITEA

Fundacion para a Promoción de Persoas con Discapacidade particularmente Trastorno do Espectro Autista

Convenio de colaboración



Convenios con:

- Centro Médico da Estrada
- Universidade de Vigo
- Universidade de Santiago
- Concello da Estrada



A alarmante medra da prevalencia do autismo

M^a José Ferradáns Villar
Presidenta de APACAF



Estimad@s amig@s:

Desde o ano 2021 fóronse reiniciando todos os servizos de respiro anual, a viaxe do IMSERSO, as saídas a piscina, cafeterías, as visitas aos centros A Braña e A Pena-grande, etc., tal como consta nesta memoria de actividades máis pormenorizadamente, e agora xa podemos dicir que estamos a desenvolver o programa de servizos que tiñamos antes da pandemia.

Pero a vida continúa, e as necesidades do noso colectivo tamén van cambiando. Nos anos '70 a prevalencia era de 5 nenos con autismo por cada 10.000. Hoxe en día, xa hai autores que falan de 1 persoa con autismo por cada 100 habitantes. É verdade que estes valores non son comparables porque nos '70 falábase do

diagnóstico estrito de autismo definido por Leo Kanner e agora fálase de toda a poboación do espectro do autismo e inclúen as persoas con ASPERGER que é un autismo cun mellor nivel de funcionamento. Aínda así, o dato é abraiante. Unha vila de 300.000 habitantes tería o 1% de persoas con autismo? Estamos falando de 3 mil persoas con algún rasgo ou tipo de autismo? Parece-me que debería establecerse algún plano de actuación en cada concello... Xa! E se miramos a cidade de Vigo, vemos que só hai un centro de educación especial e un centro de orientación e diagnóstico dentro do concello. As vivendas tuteladas ou centros de día para adultos van xurdindo nos concellos limítrofes.

Por outra parte, a inclusión

tamén vai avanzando. Sabemos que non hai dúas persoas con autismo iguais e que van requirir servizos de atención moi variados. A modificación da Lei de Dependencia que establece un máximo de 15 persoas por módulo nas residencias e a nova *Lei de Reforma da Capacidade Xurídica* que di que hai que apoiar ás persoas e non incapacitalas, veñen desbrozando o camiño cara esta inclusión e ábrese un abano moi amplo de servizos que hai que crear para estar a altura das necesidades do noso colectivo no momento actual. Fixemos moito, pero queda moito por facer.

Unha forte aperta,

María José Ferradáns Villar



HISTORIA, VISIÓN E MISIÓN

FITOS HISTÓRICOS

Ano 1988, ábrese o Centro “**A Braña**” froito do esforzo dun grupo de familias para atender as necesidades especiais de persoas con Trastorno do Espectro Autista.

Ano 1993, decídese en asemblea xeral constituír unha asociación que asuma a xestión do centro, creándose así **APACAF**, a entidade que agora asume a súa titularidade.

Ano 2005, creouse o primeiro servizo de **residencia de 365 días** ao ano, formando un fogar de residentes estable de 4 persoas con TEA que se ampliou no ano 2006 a 8 prazas. APACAF amplía os seus servizos a área de emprego con apoio, Plan Centrado na Persoa, mellora da calidade de vida...

Ano 2007, Creación da **Fundación Tutelar FUNDITEA**, para seguir prestando apoios cando a familia falte.

Ano 2008, ábrese as portas dun novo centro en A Penagrande, Moraña, polo que APACAF recibe un premio AGADER ás iniciativas de desenvolvemento rural. APACAF acada a certificación de calidade **ISO 9001:2008**.

Ano 2011, APACAF acada a certificación de COMPROMISO COA **EXCELENCIA EUROPEA**, EFQM e obtén a declaración de Utilidade Pública

Ano 2013, APACAF celebra os **25 anos** de apertura do centro A Braña

Ano 2014, APACAF recibe o **premio TERRITORIOS SOLIDARIOS** outorgado polos traballadores do Banco BBVA

Ano 2017 acreditación de **Transparencia** e Boas Prácticas a través da Fundación Lealtad

Ano 2018 elabórase o I Plan de **Igualdade** entre Homes e Mulleres

Ano 2019 amplíase o servizo de residencia 365 días a **10 prazas**

VISIÓN

Ofrecer servizos inclusivos, innovadores e de excelencia para as persoas con autismo e as súas familias


MISIÓN

Mellorar a calidade de vida das persoas con autismo e as súas familias mediante servizos especializados e centrados na persoa co obxectivo de acadar os maiores niveis de autonomía persoal, inclusión social, integración laboral, saúde e benestar, e igualdade a través de proxectos de vida individualizados, integrados nunha contorna natural en grupos reducidos e nun ambiente familiar.



COMO NOS ORGANIZAMOS

Organigrama





SERVIZO de RESIDENCIA

Un lugar para vivir



Centro A Braña
Parroquia de Berres
A Estrada, Pontevedra

10 persoas adultas con diversidade funcional conviven no centro **A Braña** en réxime de atención residencial terapéutica os 365 días do ano.

É un lugar para vivir no medio rural onde se priman: a autonomía persoal, a atención individual, a inclusión social e laboral e a saúde e o benestar emocional



Visita institucional

O centro A Braña de APACAF recibiu o 22 de febreiro de 2022 unha visita institucional. O delegado territorial da Xunta na provincia de Pontevedra, Luis López Diéguez, a xerente da área sanitaria de Santiago-Barbanza, Eloína Núñez Masid, o alcalde da Estrada, José López Campos e a concelleira de Asuntos Sociais do Concello da Estrada, Amalia Goldar, visitaron o centro A Braña co obxectivo de coñecer de preto ás persoas usuarias, as actividades do centro e as necesidades da entidade.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

SERVIZO COFINANCIADO POR:

Xunta de Galicia . Consellería de Política Social



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
EMPREGO E IGUALDADE

Xunta de Galicia . Consellería de Emprego. Programas de Cooperación



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

Xunta de Galicia: Consellería de Sanidade. Programa sociosanitario



SERVIZO de CENTRO DE DÍA

Un lugar para aprender



Centro A Penagrande

A Laxe
Moraña, Pontevedra

5 persoas adultas con diversidade funcional acoden ao centro **A Penagrande**, en réxime de centro de día de luns a venres en horario de 10:00 a 18:00, onde realizan actividades terapéuticas de autonomía persoal, de formación, lúdicas ou de relaxación.



SERVIZO COFINANCIADO POR:



Fundación FUNDITEA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
EMPREGO E IGUALDADE

Xunta de Galicia Consellería de Economía



Deputación de Pontevedra






SERVIZO DE RESPIRO

OCIO E TEMPO LIBRE

20 usuarios provenientes de diferentes concellos da xeografía galega acoden ao centro **A Braña** de xeito rotatorio todas as fins de semana, de venres a domingo, e nun campamento no verán para pasar un tempo de lecer e convivencia.

Actividades do servizo de ocio e tempo libre:

- Actividades terapéuticas: musicoterapia, aula multisensorial, relaxación
- Atividades na natureza: sendeirismo, deportes adaptados, coidado da horta ecolóxica
- Actividades sociais: celebración de festas, saídas a cafetería, excursións



Influencia da crise sanitaria no ano 2022:

Durante o ano 2022 o servizo de ocio e tempo libre estivo cancelado ata o mes de abril como medida preventiva fronte ao Covid-19, debido a que os centros sociosanitarios mantiñan medidas preventivas fronte aos contaxios. A partir do mes de abril o servizo de respiro desenvolveuse con normalidade o resto do ano.




SERVIZO DE RESPIRO

OCIO E TEMPO LIBRE

Campamentos de verán no centro A Braña:

No mes de agosto desenvolvéronse os campamentos de verán. Aínda algo marcados pola crise sanitaria, non se realizaron saídas a entornos sociais. Realizáronse as actividades habituais de desfrute da natureza e das instalacións do centro.



SERVIZO COFINANCIADO POR:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

Xunta de Galicia. Consellería de Política Social

Xunta de Galicia. Consellería de Política Social (IRPF: Programa de respiro familiar)



ACTIVIDADES 2022

Actividades formativas e/ou rehabilitación

Todas as actividades da entidade están dirixidas á consecución da nosa misión: mellorar a calidade de vida das persoas con TEA e das súas familias, facendo fincapé en acadar os maiores niveis de autonomía persoal e benestar emocional das persoas usuarias.

Na programación diaria inclúense talleres formativos e/ou de rehabilitación nos que traballar e fomentar as capacidades e habilidades das persoas:



- Formación
- Informática
- Comunicación
- Aula Teacch
- Psicomotricidade
- Talleres prelaborais:
lavandería, cociña, arranxo
da casa e das furgonetas

Actividades lúdicas e/ou terapéuticas

As actividades lúdicas son tamén moi importantes para acadar o benestar das persoas.

Combinamos actividades formativas e de rehabilitación con actividades lúdicas e terapéuticas nas que as persoas usuarias se poidan divertir e relaxar.

A programación diaria conta sempre cun oco para este tipo de actividades:

- Aula de relaxación
- Aula de expresión artística
- Xogos coa Wii
- Musicoterapia
- Actividades na natureza: sendeirismo, disfrute
das instalación ao aire libre



ACTIVIDADES 2022

Curso de natación

Durante o ano 2022 reactivouse a actividade do curso de natación semanal tras 3 anos cancelado debido á crise sanitaria.

A actividade física é fundamental para o mantemento do estado físico e da saúde das persoas. Un grupo de usuarios do servizo de residencia acoden semanalmente a este curso de natación na Piscina Climatizada AGASP da Estrada. APACAF ten en funcionamento esta actividade dende hai máis de 15 anos.



Curso cofinanciado por



Fundación "la Caixa"

Curso de cociña para persoas con TEA

Ao longo de todo o ano APACAF desenvolve esta actividade co obxectivo de mellorar as capacidades pre-laborais e as habilidades Sociais das persoas usuarias. Nesta actividade as persoas con autismo colaboran no taller de cociña, axudando na elaboración de postres e comidas, que despois comparten con todos os compañeiros.



Concello da Estrada

Actividade subvencionada polo Concello de A Estrada





ACTIVIDADES 2022

Visita a Santiago

No mes de setembro achegámonos a Santiago de Compostela para recibir aos compañeiros do centro Centro de adultos Castro Navás da Fundación Menela na súa chegada á praza do Obradoiro tras realizar o camiño de Santiago co proxecto “Xacobeo Autismo: un camiño de todos”.

Tamén estiveron compañeiros de Aspanaes e Autismo Galicia, e foron momentos de reencontros e emocións.



Adquisición dunha nova furgoneta

No ano 2022 APACAF adquiriu unha furgoneta nova co obxectivo de mellorar o servizo de transporte da entidade e con iso mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.

Este novo vehículo beneficia directamente a todos os usuarios dos servizos de APACAF (centro de día, residencia e ocio e tempo libre), que usan de xeito habitual o servizo de transporte da entidade.

Esta nova furgoneta adquiriuse grazas ao co-financiamento da Consellería de Política Social a través das subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social con cargo á asignación tributaria do 0,7% do Imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF), e da Fundación ONCE a través da convocatoria xeral de axudas para entidades sociais.






ACTIVIDADES 2022

Viaxe do IMSERSO

Tras case tres anos sen viaxar debido á crise sanitaria do Covid-19, este ano 2022 recuperamos a viaxe do IMSERSO. Do 2 ao 5 de maio estivemos no **Hotel Balneario Arnoia Caldaria**, en Ourense, onde puidemos desfrutar das instalacións do balneario (piscinas e circuítos termais, spa.....) e da incomparable contorna natural xunto aos ríos Miño e Arnoia. Aproveitamos para facer rutas de sendeirismo na natureza e visitar lugares emblemáticos da zona.

Esta viaxe enmárcase dentro do Programa de Actuacións de Turismo e Termalismo IMSERSO-Confederación Autismo España





PROGRAMAS

Programa de autonomía persoal

Programa de fomento da autonomía persoal das persoas usuarias a través do apoio e acompañamento en talleres e nas actividades da vida diaria en cada momento do día e ao longo de todo o ano. O desenvolvemento do programa realízase a través das seguintes actividades:

- Acompañamento e apoio nas actividades da vida diaria
- Aulas e talleres
- Acompañamento en actividades sociais de inclusión social
- Apoio psicolóxico

Subvencionado por:




Programa de rehabilitación cognitiva e psicosocial

A rehabilitación cognitiva é básica para manter e mellorar as capacidades cognitivas das persoas con TEA e así poder xeneralizar o acadado nas actividades da vida diaria. As principais capacidades cognitivas adestradas son a atención, a memoria, a linguaxe, a comprensión, a aprendizaxe e as funcións executivas.

APACAF conta con persoal preparado e con experiencia en autismo que emprega ferramentas e técnicas orientadas a mellorar o benestar e a calidade de vida das persoas con TEA.

Subvencionado por:





PROGRAMAS

Programa de prevención do deterioro cognitivo en persoas con TEA

APACAF ten en funcionamento ao longo de todo o ano un programa de prevención do deterioro cognitivo para persoas con TEA.

Este programa é importante para que este colectivo de especial vulnerabilidade poida preservar o máximo tempo posible as súas capacidades cognitivas e as habilidades adquiridas.

A prevención trabállase en todas as etapas do ciclo vital, para promover as habilidades das persoas e fomentar o desenvolvemento de todas as súas capacidades.

Subvencionado por:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

Programa de envellecemento activo

Programa específico de atención ao envellecemento activo das persoas adultas con TEA para fomentar un envellecemento saudable adaptado ás súas necesidades, fomentar hábitos de vida saudables, previr na medida do posible as enfermidades e promover a inclusión social e participación activa na sociedade.



Subvencionado por:

Consellería de Política Social (IRPF)



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

Programa de deporte para persoas adultas con TEA no rural

Co obxectivo de mellorar o estado físico das persoas usuarias, APACAF ten en funcionamento este programa co obxectivo de mellorar e manter o benestar físico e emocional das persoas, así como de previr enfermidades e o envellecemento.



Cofinaciado por:



Fundación "la Caixa"



PROGRAMAS

Programa de Emprego con Apoio

APACAF ten en funcionamento o Programa de Emprego con Apoio (ECA) dende hai máis de 15 anos. Durante todo o ano realízanse actividades dirixidas a fomentar as capacidades laborais das persoas usuarias. No ano 2022 non se rexistraron contratacións no mercado laboral ordinario, pero o programa mantívose activo cos talleres pre-laborais do centro:

- Taller de cociña
- Taller de lavandería
- Taller de mantemento da casa e das furgonetas
- Coidado dos animais
- Horta ecolóxica



Programa de Horta Ecolóxica

O centro A Braña APACAF conta cunha explotación de agricultura ecolóxica con coidado de animais de curral con certificado do CRAEGA (Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia) na que as persoas usuarias desenvolven habilidades pre-laborais. Os produtos que se producen (leitugas, tomates, cebolas, cabazas....) son para o autoconsumo.



Subvencionado por:





PROGRAMAS

Programa de Inclusión Social

No ano 2022 comezaron a reactivarse as actividades habituais do programa de Inclusión Social, que durante os anos de pandemia estiveron moi limitadas.

Pero por fin no ano 2022 volvemos realizar actividades de inclusión social fóra dos centros:

- Viaxe do IMSERSO
- Curso de natación na piscina AGASP da Estrada
- Saídas a cafetería,
- Paseos en entornos sociais.....



Subvencionado por:
Consellería de Política Social (IRPF)





PROGRAMA DE FORMACIÓN 2022

PROGRAMA DE FORMACIÓN DE FORMADORES:

APACAF ten en funcionamento un programa de formación continua para as persoas traballadoras. No ano 2022 desenvolvéronse un total de 16 accións formativas

Accións formativas de carácter externo:

- *Convocatoria La Caixa para entidades sociais.* La Caixa (febreiro 2022)
- *A Reforma Laboral no terceiro sector,* EAPN, (marzo 2022)
- *Aplicación dos novos subprincipios de Transparencia. F. Lealtad* (maio 2022)
- *Rexistro retributivo e promoción da igualdade.* TUTELA (maio 2022)
- *Convocatoria 2022.* Fundación ONCE (maio 2022)
- *A actividade física e o deporte nos TEA.* Autismo Galicia (xuño 2022)
- *Funcionamento da aplicación CENRES.* Xunta de Galicia (xuño e setembro)
- *Xestión económica para entidades sen ánimo de lucro.* Autismo Galicia-Algalia (xuño 2022)
- *Medidas de apoio: a nova forma de intervención no traballo con persoas con discapacidade.* Índice Consultoría (setembro 2022)
- *Capacitación en “Social Media Marketing”.* Autismo Galicia (outubro 2022)

Accións formativas de carácter interno:

- *II Plan de Igualdade de APACAF* (febreiro 2022)
- *Metodoloxía TEACCH* (febreiro 2022)
- *A actividade física e o deporte nos TEA* (xuño 2022)
- *Prevenções e cuidados a persoas con TEA e diabetes* (setembro 2022)





PROGRAMA DE FORMACIÓN 2022

PROGRAMA DE VOLUNTARIADO

APACAF está inscrita no Rexistro Galego de Entidades de Acción Voluntaria e ten en funcionamento un Programa de Voluntariado dirixido a todas aquelas persoas ou entidades que queiran colaborar con nós. APACAF ofrece a posibilidade de gañar experiencia e formación no sector da diversidade funcional, no coidado do medio ambiente ou en calquera outra actividade que nos queiran propoñer.

No ano 2022 reactivouse este programa e comezou a colaborar coa entidade un voluntario



PROGRAMA DE PRÁCTICAS

APACAF ten en funcionamento un Programa de prácticas dirixido a estudantes universitarios das ramas sociais. Todos os anos recibe unha media de 2 ou 3 estudantes que acoden a realizar as súas prácticas. Durante o ano 2022 non tivemos estudantes en prácticas



ACTIVIDADES DE INTERESE XERAL PARA A SOCIEDADE

CONTRATACIÓN DUNHA PERSOA REFUXIADA DE UCRANIA

No ano 2022 APACAF contratou a una persoa refuxiada ucraína que estivo durante uns meses vivindo en acollemento na Estrada tras a declaración da guerra no seu país de orixe.



COLABORACIÓN DE APACAF NUN CURSO DE ATENCIÓN SOCIOSANITARIA NA ESTRADA

A directora técnica e o coordinador de programación de APACAF deron unha charla informativa sobre “O Trastorno do Espectro do Autismo dentro da discapacidade: modelo de intervención no centro A Braña” dirixida aos alumnos dun curso de Atención Sociosanitaria a persoas dependentes, do IFP A Estrada, no mes de abril de 2022.





COMUNICACIÓN

A comunicación durante o ano 2022

A comunicación externa é un aspecto fundamental para dar a coñecer ao colectivo de persoas con autismo e á entidade, incluído dentro da liña estratéxica de APACAF de sensibilización social para mellorar o coñecemento sobre os TEA.

As redes sociais na actualidade son unha ferramenta de comunicación externa moi importante e estámolas utilizando para dar a coñecer as actividades que se realizan e para visibilizar ao colectivo. Neste senso no ano 2022 publicáronse as actividades habituais da entidade e tamén as de conmemoración do Día Mundial do Autismo (2 de abril) e do Día das persoas con discapacidade (3 de decembro) a través de campañas nas redes sociais.

A prensa escrita fixo varias publicacións relacionadas coas actividades da entidade ao longo de todo o ano.



Día Mundial do Autismo



Día Mundial das persoas con discapacidade

Presenza nos medios en 2022

23/02/2022. Faro de Vigo Edición Tabeirós-Montes: **Impulsan en A Estrada programas de cuidado a los afectados de autismo**

23/02/2022. La Voz de Galicia Deza-Tabeirós: **El Sergas impulsa a través de Apacaf programas para atender a 33 personas con autismo**

23/02/2022. El Correo Gallego: **Impulsan en A Estrada programas de cuidado a los afectados de autismo**

28/02/2022. La Voz de Galicia Edición Deza-Tabeirós: **Cuando la residencia es un hogar**

02/04/2022. La Voz de Galicia Deza-Tabeirós: **A Estrada se teñirá de azul por el Día del Autismo**

02/04/2022. Faro de Vigo Edición Tabeirós-Montes: **El colegio de Silleda y Apacaf conmemoran el Día del Autismo**

28/04/2022. Cadena COPE Radio: **Entrevista á presidenta de APACAF, M^a José Ferradáns Villar**

30/11/2022. Faro de Vigo Edición Tabeirós-Montes: **Los usuarios de Apacaf estrenan furgoneta**

Impacto

Redes Sociais



- 43 publicacións en Facebook, Twitter e Instagram

- 60.000 persoas alcanzadas

Resumo

Aparicións nos medios

- 8 aparicións na prensa escrita

- 1 entrevista na radio



XESTIÓN ESTRATÉXICA

Desenvolvemento dos ODS en APACAF

APACAF aprobou no ano 2021 o seu IV Plan Estratéxico aliñado cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) das Nacións Unidas. Durante o ano 2022, estes foron os grancións de area portados por APACAF para acadar este reto mundial polas persoas, o planeta e a prosperidade:

- ODS 3: Saúde e Benestar: fomentando unha alimentación sa e saudable, co programa de deporte para persoas con autismo no rural e co programa de horta ecolóxica
- ODS 4: Educación de Calidade: proporcionando ás persoas usuarias unha formación especializada e de calidade, utilizando metodoloxías específicas e actualizadas
- ODS 5: Igualdade de xénero: garantindo en todo momento a igualdade de oportunidades para mulleres e para homes a todos os niveis da entidade
- ODS 8:Traballo decente: fomentando o emprego das persoas con discapacidade mediante os talleres laborais e o programa de Emprego con Apoio (ECA)
- ODS 10: Redución das desigualdades: fomentando a participación activa das persoas con discapacidade na sociedade
- ODS 12: Produción e consumo responsables:
Co programa de horta ecolóxica
- ODS 17: Alianzas para lograr os obxectivos.
Facendo alianzas con outras entidades



Fonte: Organización das Nacións Unidas (ONU)

APACAF aproba en 2022 o seu Plan de Cumprimento Normativo

APACAF aprobou no ano 2022 o seu Plan de Cumprimento Normativo como parte do desenvolvemento do obxectivo estratéxico de mellorar a xestión con criterios de eficiencia, transparencia e bo goberno. O Plan de Cumprimento normativo foi aprobado na asemblea de socios do mes de decembro e a súa implantación está prevista para o ano 2022.

Un sistema de Xestión de calidade certificado dende 2008

APACAF conta cun Sistema de Xestión de Calidade certificado por AENOR dende o ano 2008. Para manter a certificación realízanse 2 auditorías anuais, unha interna e outra externa por parte de profesionais externos que visitan a entidade para verificar que todo se desenvolve segundo a norma internacional de calidade ISO 9001:2015.


ONG acreditada por Fundación Lealtad dende 2017

APACAF conta coa acreditación de Transparencia e Boas Prácticas de Fundación Lealtad dende o ano 2017. Para manter esta acreditación a entidade ten que pasar cada dous anos por un exame de cumprimento de todos os principios de Transparencia e Boas Prácticas das ONG.




XESTIÓN ECONÓMICA

INGRESOS AÑO 2022




EVOLUCIÓN DOS INGRESOS






GESTIÓN ECONÓMICA

GASTOS AÑO 2022



- Persoal (75,2%)
- Alimentación (3,5%)
- Mantenimento (2,4%)
- Alugueiro (2,6%)
- Servizos Externos (3,8%)
- Consumos (2,2%)
- Transporte (1,2%)
- Seguros (0,7%)
- Material sanitario (0,1%)
- Outros (2,2%)
- Amortización (6,1%)


EVOLUCIÓN DOS GASTOS





XESTIÓN ECONÓMICA

DISTRIBUCIÓN DOS INGRESOS ANO 2022



- Financiación Pública
- Financiación Propia
- Financiación Privada



As asembleas xerais de socios do ano 2022 desenvóléronse de xeito online nos meses de xuño e decembro.

As contas anuais de APACAF son aprobadas en asemblea Xeral de socios e están autidadas por **ANALISIS Y CONTROL DE CUENTAS, S.L.P.**



Acción formativa sobre a Reforma legal da capacidade das persoas con discapacidade


Na asemblea do mes de decembro de 2022 desenvolveuse esta acción formativa dirixida ás familias socias para coñecer as novidades e implicacións desta reforma legal que afecta moi directamente ás persoas usuarias e familias socias de APACAF

A charla estivo a cargo de Dna. **Aránzazu López**, avogada de familia.





GESTIÓN ECONÓMICA

DISTRIBUCIÓN DOS GASTOS ANO 2022



Distribución dos gastos por Servicios





COLABORADORES

PÚBLICOS



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



PRIVADOS



Fundación "la Caixa"

